

I PROBA AUTONÓMICA de SQUASH por CATEGORÍAS 2024

SQUASH CLUB SANTIAGO
Milladoiro (Ames)

BASES:

1º.- O Campionato realizarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); O día: **09 de marzo de 2024.**

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2024.**

3º.- As inscricións faranse a través da páxina web ligasquash.net, no seguinte enlace:

<https://fgsquash.ligasquash.net/DetEvento.aspx?type=ChampionshipEdition&id=215>

4º.- O peche da inscrición será o **luns, 4 de marzo de 2024 ás 23,59 horas.** O **preco da inscrición será de: 15 €.** O pago realizarase por transferencia bancaria, e o xustificante será enviado por e-mail a info@fgsquash.org antes do mércores 06 de marzo 11h, de no ser así a inscrición no terá validez. A todos os participantes se lle fará entrega dun detalle.

Número de conta: BANCO SANTANDER ES90 0049 0939 6421 1019 2402

5º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscritos/as, repartidos en grupos de oito, en Categorías: Primeira, Segunda, Terceira, cuarta e así sucesivamente, seguindo o último Ranking Galego Absoluto Publicado. **O ser mixto,** as xogadoras inscritas entrarán nas distintas categorías, por decisión técnica. Si houber algún o algúns xogador/es que polo seu nivel de xogo, puideran desvirtuar ós cadros, será o Comité de Árbitros, o que decida en que categoría xogarán.

6º.- O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos/as por categoría. E publicaríanse os cadros provisionais, que serían sempre de 8 xogadores, exceptuando os de última categoría que poderían ser de ata 15 xogadores.

7º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O.

8º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**

9º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e **xogaranse tódolos postos.**

10º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio (para as xogadoras sub).

11º.- O Xuíz- Árbitro do torneo será: **D. JESÚS SOUTO IGLESIAS** e as súas decisións serán inapelables.

12º.- Os Xogadores deberán estar dispostos a arbitrar, cando o xuíz-árbitro así llelo indique.

13º.- O torneo é valedeiro para o Ránking Galego Absoluto, cada proba puntuará de forma independente coa puntuación dos torneos Sub. A partir do xogador 32, a puntuación será a mesma. As xogadoras puntuarán no Ránking Galego Absoluto feminino coa puntuación correspondente a posición acadada.

14º.- Entregaranse, en cada proba, premios o Primeiro e segundo de cada Categoría.

**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, rexeitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. *Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o artigo 8-c da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria*